



**BASES LABORATORIOS DE
CREACIÓN GALICIA 2023:
MÚSICA, ESCRITURA
TEATRAL E GUIÓN.**

**Prazo de presentación: 29 de maio
ao 28 de xullo 2023 (ambos
incluídos).**

O apoio aos creadores constitúe un dos ámbitos estratéxicos da política cultural en Galicia e da Fundación SGAE, que prima entre os seus obxectivos propiciar e impulsar as condicións que faciliten a actividade creativa, melloren a formación dos seus axentes e impulsen a difusión e o coñecemento do seu labor, tanto no ámbito local como no nacional e internacional. Con estes principios en mira e co obxectivo de impulsar a creación e desenvolvemento musical, escénico e audiovisual, ademais de aumentar a profesionalización das múltiples fases creativas implicadas, a Fundación SGAE convoca os II LABORATORIOS DE CREACIÓN GALICIA 2023: MÚSICA, ESCRITURA TEATRAL E GUIÓN.

Os encontros creativos buscan puír, definir e concretar os proxectos que sexan seleccionados, así como fomentar a convivencia e intercambio de experiencias con outros profesionais e mellorar, avanzar e aprender a presentar o resultado creativo nos foros adecuados. Os Laboratorios, por tanto, centraranse no desenvolvemento de habilidades relacionadas coa factura e forma dos proxectos seleccionados.

Os Laboratorios desenvolveranse conforme o seguinte formato:

- Unha primeira semana de traballo intensivo de forma presencial.
- Tras a semana de traballo presencial, reunións telemáticas periódicas nas que se ofrecerán titorías individuais e colectivas de profesionais do sector e master classes de expertos en disciplinas de interese para o mellor desenvolvemento dos proxectos seleccionados.
- Finalmente, dous encontros presenciais para conclusión, análise e entrega do proxecto resultante.

BASES

1.- FUNDACIÓN SGAE seleccionará entre os solicitantes a 2 autores musicais, 1 dramaturgo e 2 guionistas e/ou argumentistas/directores que estean a desenvolver un guión de ficción.

Todos os solicitantes deberán presentar obras propias de autoría única que estean en fase de creación e sen rematar. A Fundación SGAE designará un autor musical, un dramaturgo e un autor audiovisual, todos eles profesionais de recoñecido prestixio e socios da SGAE, como directores dos Laboratorios. O seu labor será coordinar e orientar os seleccionados nas diferentes categorías durante todo o proceso de creación.

2.- Poderán participar nos Laboratorios todos os socios da SGAE, con afiliación en exclusividade, que sexan residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, excepto os membros da Xunta Directiva da SGAE e do Padroado da Fundación SGAE.

É importante consultar as especificacións de cada modalidade previstas no Anexo 1 destas bases.

3.- Ningún autor poderá participar nin ser seleccionado en máis de un Laboratorio dos convocados por FUNDACIÓN SGAE en 2023 tanto a nivel nacional como autonómico, aínda que poidan presentarse a concurso a máis de un. Se resultaren seleccionados en máis de un dos Laboratorios aos que se presentaron, deberán elixir en cal deles queren participar. Aqueles autores que participasen nalgún dos Laboratorios da Fundación SGAE anteriormente poden participar na presente convocatoria se transcorresen tres edicións desde a súa última participación.

Os titores de anteriores edicións dos Laboratorios, en calquera das disciplinas convocadas, non poderán presentarse como candidatos ata transcorridas tres edicións desde a súa colaboración.

4.- Non se admitirán proxectos de obras que sexan adaptacións ou arranxos de obras preexistentes nin que inclúan fragmentos de obras alleas. A obra que se presente deberá ser orixinal do solicitante.

5.- O solicitante achegará a seguinte documentación, en formato PDF e en catro arquivos diferentes:

a) Proxecto de obra que presenta para a súa evolución no Laboratorio.

En concreto:- No caso de concursar ao Laboratorio musical deberá presentar 3 audios en formato mp3 ou mp4 coas pistas ou arquivos de audio do proxecto musical que desexe traballar no Laboratorio. Non se admitirán ligazóns de escoita.

- En caso de concursar ao Laboratorio audiovisual, deberá presentar o borrador ou proxecto do guión, cunha extensión máxima de 10 páxinas, que desexe traballar durante o Laboratorio.

- No caso de ser candidato ao Laboratorio de artes escénicas, deberá presentar o borrador ou sinopse desenvolvida, ata 5 páxinas, do texto teatral que desexe traballar durante o Laboratorio.

b) Un breve currículo do autor.

c) Un exemplo de creacións previas musicais, literarias ou audiovisuais (neste caso, ligazóns aos sitios web onde poder visionalas).

d) PDF cos datos persoais e de contacto, tales como nome, apelidos, dirección actual (residencia habitual e residencia fiscal), correo electrónico, número de teléfono, incluíndo lugar e data de nacemento e número de socio SGAE.

d) Autorización expresa do autor participante a favor da Fundación SGAE (debidamente asinada) para o uso dos seus datos de carácter persoal en todas as xestións necesarias para a realización e execución dos Laboratorios de Creación Galicia 2023 conforme ao modelo que se adxunta no Anexo 2 destas bases. A falta de presentación deste documento excluírá automaticamente ao solicitante da presente convocatoria.

6.- Toda a documentación requirida deberá remitirse por correo electrónico a pblanco@fundacionsgae.org desde o 29 de maio ao 28 de xullo de 2023 (ambos incluídos), baixo o enunciado seguinte no asunto do e-mail: «[Nome do autor] - Laboratorios de Creación Galicia 2023. Fundación SGAE: Música, escritura teatral e guión. – Especialidade [nome da especialidade á que concursa]».

7.- A Fundación SGAE designará a recoñecidos autores audiovisuais, musicais e dramaturgos, socios da SGAE, como directores de cada Laboratorio. O seu labor será coordinar e orientar os autores seleccionados nos seus proxectos durante todo o proceso de creación.

8.- A Fundación SGAE seleccionará, de entre todos os presentados, ata dous proxectos nas especialidades de música e audiovisual e un na de escénicas, que reúnan as condicións requiridas e seguindo o seguinte procedemento:

a) Un xurado de profesionais composto por representantes da Fundación SGAE, así como polos directores do Laboratorio, elixirá dous proxectos na categoría de música, un na de artes escénicas e dous na de escritura de guión de entre todas as propostas recibidas, para formar parte deste Laboratorio. Fundación SGAE resérvase o dereito de declarar deserta a selección de proxectos para todos ou algún dos Laboratorios no caso de que, a xuízo do xurado, as propostas presentadas non reúnan as condicións necesarias de calidade ou desenvolvemento para a súa participación nos Laboratorios.

b) O presidente do xurado de cada especialidade será o director de cada un dos Laboratorios específicos.

c) Ademais da selección do número de proxectos mencionado, o xurado establecerá unha lista suplente de ata dous proxectos máis, que non se fará pública, e que substituirá aos seleccionados titulares no caso de renuncia destes.

d) Os fallos dos diferentes xurados faranse públicos o 19 de setembro de 2023.

9.- Aos Laboratorios de Creación de guión, música e artes escénicas da Fundación SGAE asistirán os directores destes e os autores de cada proxecto seleccionado. Cada un dos autores que compoñan cada Laboratorio terá que desenvolver o seu proxecto de obra no período previsto, sempre baixo o apoio e a supervisión do director.

10.- Durante o proceso realizaranse reunións de traballo colectivo entre os autores seleccionados e o director do Laboratorio para a posta en común do desenvolvemento de cada un dos proxectos. Estas reunións terán unha primeira fase de desenvolvemento presencial de unha semana (5 días), reunións telemáticas de periodicidade quincenal ata un máximo de cinco reunións, e dous encontros finais de carácter presencial para conclusión, análise e entrega do proxecto resultante.

Este cronograma poderá ser modificado a determinación de Fundación SGAE e o director de cada Laboratorio.

11.- As reunións dos Laboratorios que se realicen presencialmente faranse en Santiago de Compostela nas datas e horarios que estableza a organización. A semana de traballo intensivo de carácter presencial será a primeira semana de inicio de cada Laboratorio.

Os Laboratorios comezarán entre outubro de 2023 e decembro de 2023 (datas a determinar pola organización para cada Laboratorio) e finalizarán, en todo caso, antes do 31 de marzo de 2023.

12.- No caso de que o autor dun proxecto seleccionado non resida en Santiago de Compostela, a Fundación SGAE farase cargo só dos gastos de aloxamento durante a primeira semana presencial do Laboratorio e unicamente dos gastos de desprazamento para as dúas últimas xornadas de análises e entrega de resultados da residencia, tamén en formato presencial.

13.- A Fundación SGAE concederá a cada proxecto seleccionado a cantidade de 1.500 € (impostos incluídos). Este importe aboarase a cada seleccionado ao finalizar o Laboratorio, previa entrega por este do proxecto final e factura que reúna todos os requisitos esixibles pola normativa vixente. Cada seleccionado deberá subscribir un convenio coa Fundación SGAE.

14.- Os autores comprométese a trasladar, en futuros acordos de cesión sobre a obra que desenvolvan no Laboratorio, mención á súa realización no marco dos “Laboratorios de creación Galicia 2023. Fundación SGAE: música, escritura teatral e guión” no material que resulte procedente.

15.- Protección de datos de carácter persoal: os datos que faciliten os autores incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é a Fundación SGAE, e será en todo caso de aplicación a Lei Orgánica 3/2018 e a normativa vixente concordante. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, portabilidade, cancelación e oposición, os autores deberán remitir un escrito alegando o que corresponda a: FUNDACIÓN SGAE, rúa Bárbara de Bragança, núm. 7, 28004 Madrid, á atención dos nosos Servizos Xurídicos.

16.- Normas xerais:

- a) A presentación da solicitude deberá realizala o propio autor do proxecto.
- b) A presentación da solicitude por parte do participante implica a aceptación destas bases, e comporta a autorización deste para que a Fundación SGAE poida difundir información do Laboratorio que inclúa datos profesionais e/ou imaxes dos seleccionados.
- c) Os participantes eximen á Fundación SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidesen incorrer os proxectos dos seleccionados.
- d) A Fundación SGAE non adquire, en virtude deste concurso, ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria en relación coa realización e o desenvolvemento dos Laboratorios diferente das detalladas neste documento.
- e) A Fundación SGAE e o autor dun proxecto que fose seleccionado subscribirán un convenio de colaboración específico realizado pola Fundación SGAE que conterá, necesariamente, as bases establecidas neste documento e a información que relacionamos a continuación, a título enunciativo:
- Dereitos e obrigas de cada unha das partes.
 - Prazo de inicio e finalización do Laboratorio.
 - Data de entrega do texto/audio/guión final.
 - Importe da axuda concedida.
 - Forma de pago.
 - Seguimento do Laboratorio (informe, avaliación e texto final).
- f) A Fundación SGAE resérvase o dereito de modificar a presente convocatoria para o caso en que concorran circunstancias excepcionais que impidan levar a cabo os Laboratorios nos termos descritos.
- g) A lexislación aplicable a este documento é a española, e as partes sométense expresamente á xurisdición dos tribunais de Madrid capital, e renuncian ao foro que puidese corresponderlles.

ENVÍO DE MATERIAIS

pblanco@fundacionsgae.org

INFORMACIÓN: Os interesados poderán consultar ou ampliar a información sobre estas bases en: pblanco@fundacionsgae.org

Tel. 981569178

www.fundacionsgae.org www.sgae.es

PRAZOS

- Prazo de recepción de candidaturas ata o 28 de xullo de 2023.
- O fallo do comité de selección será o 19 de setembro de 2023
- Celebración dos Laboratorios entre outubro de 2023 e marzo de 2024.

ANEXO 1. CONDICIÓN ESPECÍFICAS DE CADA DISCIPLINA

MÚSICA

1.- A convocatoria está dirixida a todos os socios de SGAE, compositores e letristas de calquera tendencia estética dentro das músicas populares, que sexan tamén intérpretes do seu repertorio. A participación dos mesmos será individual non podendo presentarse obras en coautoría.

2.- Os interesados que queiran participar deberán presentar un único proxecto e de autoría única.

3.- Os socios deberán presentar unha breve descrición do proxecto musical EN FASE DE PRE-PRODUCCIÓN.

4.- Os proxectos deberán contar cunha descrición por escrito da formulación de creación e da inspiración e fontes que se utilizaron para o desenvolvemento do mesmo, ou dun esbozo de composición musical e das letras. Non será necesario presentar obras terminadas.

Non cabe presentar proxectos que consistan en arranxos ou adaptacións de obras preexistentes.

AUDIOVISUAL

1.- Os membros da entidade que queiran participar deberán presentar un único proxecto de GUIÓN DE FICCIÓN e autoría única.

2.- En cada Laboratorio, os socios poden presentar un único proxecto de guión que incluíra a súa descrición, formato, universo, argumento e personaxes, cunha extensión MÁXIMA de 10 folios e un tratamento de guión piloto coa mesma extensión.

3.- No caso de que o solicitante fose admitido en máis de un dos Laboratorios de escritura de guións ou de escritura teatral organizados por Fundación SGAE en 2023, este deberá comunicar á Fundación SGAE por cal de todos eles opta.

ARTES ESCÉNICAS

1.- Os membros da entidade que queiran participar deberán presentar un único proxecto de texto teatral e autoría única. É imprescindible que o solicitante teña, como mínimo, UNHA estrea no ámbito profesional.

2.- Os candidatos presentarán unha proposta de texto a desenvolver, formulación e xustificación (5 folios máximo) de escritura teatral con liberdade temática, estilística e estrutural.

3.- Acompañarán a solicitude cunha carta de motivación e CV detallado da traxectoria (con estreas, publicacións, premios etc.).

O interese do proxecto e a viabilidade serán os elementos determinantes á hora da selección do traballo escollido.

ANEXO 2. MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA USO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

D/Dna.....
....., maior de idade, e con
DNI/NIE nº.....

AUTORIZA:

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e disposicións complementarias autoriza o uso dos seus datos persoais na medida que sexa necesario para a xestión da súa participación no Laboratorio de creación de Fundación SGAE Galicia 2023. Coñece, así mesmo, que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade e a non ser obxecto de decisións individuais de forma automatizada #ante FUNDACIÓN SGAE dirixindo un escrito aos Servizos xurídicos de Fundación SGAE ao domicilio social da entidade na rúa Bárbara de Bragança, nº 7, C.P. 28004, Madrid (España) ou ao e-mail: informacion@fundacionsgae.org,

E para que así conste asina a presente declaración e autorización en....., a de..... de 2023.

Asinado: